

En clave cinematográfica

Náufrago Lois

ROCÍO MOAR QUINTELA

O avogado e narrador vigués Marcos Calveiro (1968) achéganos unha recomposición, en clave cinematográfica, da vida do poeta monfortino, que se completa cunha detallada cronoloxía, un caderno fotobiográfico e unha antoloxía poética.

Coa morte como marco (1997–2010) e cun ritmo demorado, viaxamos ata as primeiras escenas da súa infancia e adolescencia en Monforte, o período de creatividade entusiasta en Madrid, as ansias de descuberta nas viaxes por Europa a última etapa na Coruña, onde finaría, vítima da colza e da Sida, con 38 anos.

A través dos diálogos descubrimos as ilusións, dúbidas e medos dun home cunha personalidade intelixente e creativa; a importancia que tiveron na súa vida a familia, a súa compañeira Piedade Cabo ou amigos como Manuel Rivas, Antón Patiño, Moncho Raíces... E tamén a necesidade constante de expresarse a través da escrita, buscando respostas ou no devalo entre a fuxida e a aceptación da morte.

Dun xeito paralelo, e menos explícito, seguimos o roncel da chamada “Xeración de Transición” e do ambiente de liberdade que se respiraba entón en Galicia, Madrid e no resto de Europa. Unha apertura que deu os seus froitos na literatura e nas artes pero que tamén provocou numerosos naufraxios.

Unha obra que se achega con respecto e sen dramatismos, á figura e á obra de Lois Pereiro, autor homenaxeado neste 2011 no Día das Letras Galegas.

CALVEIRO, Marcos, *Lois Pereiro. Náufrago do paraíso*, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP 10, 70 €

